



**Á SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO  
TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECCIÓN PRIMEIRA**

Recurso núm. 104/2007 0001 IN (peza de medidas cautelares)

Miguel Vilariño García, Procurador, no nome e representación da CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (C.I.G.), según copia de escritura de poder que acompaño, diante da Sala comparezo e, como mellor proceda en Dereito DIGO:

Que no D.O.G. do 24.04.07 se publicou emprazamento ás partes interesadas no recurso contencioso-administrativo interposto pola Asociación de Facultativos Especialistas Interinos dos Hospitais do Sergas contra a Resolución do 22 de decembro de 2006, da Secretaría Xeral do Sergas, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso na categoría de facultativo especialista de área de diversas especialidades do Sergas, e contra a Resolución do 22 de decembro de 2006 da Secretaría Xeral do Sergas, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico de urxencias hospitalarias do Sergas. Procedemento no que a C.I.G. ten interese, pola súa condición de sindicato máis representativo e o grande número de afiliados no sector. Polo que esta organización sindical comparece no recurso contencioso-administrativo en calidade codemandada.

Por todo o exposto,

**SUPLICO Á SALA:** Que tendo por presentado este escrito o admita e, na súa virtude me teña por comparecido e personado no recurso contencioso-administrativo citado, no nome da organización sindical por min representada en calidade de codemandada, ós efectos oportunos.

En A Coruña, a 27 de abril de 2007.

  
Lda. María Costas Otero

  
Proc. Miguel Vilariño García